

Convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e a Fundación Laboral de la Construcción, para a difusión, a información e a orientación do procedemento de avaliación e recoñecemento da cualificación profesional adquirida pola experiencia laboral no ámbito da comunidade autónoma de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia -financiado pola Unión europea- NextGenerationEU

17/06/2024

Reunidos

Dunha parte,

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril e no uso das atribucións que lle confiren o Decreto 58/2022, do 15 de maio, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra parte,

D. Fernando García Novo, na súa condición de xerente da Fundación Laboral de la Construcción, con CIF G80468416 e domicilio social en Pontepedriña de Arriba, nº 13, Santiago de Compostela, en virtude das facultades que lle outorgan os estatutos da entidade, de acordo cos nomeamentos con data 1 de xullo de 2004.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas,

Expoñen

1. Que o 21 de xullo de 2020, o Consello Europeo adoptou as conclusións sobre o Plan de recuperación e o marco financeiro plurianual para 2021-2027. Estas medidas xuntan o marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027, reforzando a posta en marcha dun instrumento europeo de recuperación («NextGenerationEU»), cuxo elemento central é o mecanismo de recuperación e resiliencia establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

A instrumentación da execución dos recursos financeiros do fondo europeo de recuperación realizarase a través do Plan de recuperación transformación e resiliencia, aprobado por acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e de conformidade co establecido pola decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (*Council Implementing Decision* - CID) do 13 de xullo de 2021.

O Goberno de España ditou o Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para

a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, e as Ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos, e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

2. Que no Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), como parte do Compoñente 20, se incluíu a reforma do Plan de modernización da formación profesional, derivado da Axenda 2030 e os seus obxectivos de desenvolvemento sustentable, para desenvolver un proxecto moderno de país no marco dun novo contrato social global, que ten como obxectivo dar resposta ás necesidades de cualificación e recualificación da xuventude e de traballadores futuros e actuais, a nivel individual e colectivo de cada empresa, nestes momentos de reconstrución e creación dun novo modelo de crecemento económico.

Así mesmo, o Plan de modernización da formación profesional incorpora as formulacións de comunicacións da Comisión Europea ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións, tales como unha nova axenda de capacidades para Europa: traballar xuntos para reforzar o capital humano, a empregabilidade e a competitividade, e as Recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello da Unión Europea en materia de formación profesional e de competencias clave para a aprendizaxe permanente.

A misión do plan é crear un ecosistema de relanzamento económico desde a aposta polo capital humano e o talento, e garantir unha formación e cualificación profesional a toda a poboación, desde estudantes das ensinanza de formación profesional do sistema educativo ata a poboación activa.

A proposta é converter a formación profesional nunha panca para a reconstrución mediante tres pasos:

- Recoñecemento e acreditación das competencias profesionais.
- Mellora da accesibilidade á formación profesional e aos servizos de orientación profesional.
- Incorporación da dixitalización, a innovación e o emprendemento no sistema de formación profesional.

3. Que as medidas que recolle o PRTR cumpren os seis piares establecidos no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, e artículanse arredor de catro eixes principais: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial, e a igualdade de xénero. Estes catro eixes desenvólvense a través de dez políticas panca que integran, á súa vez, 30 compoñentes para contribuír a alcanzar os obxectivos xerais do plan.

A avaliación e a acreditación de competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral e por vías non formais de formación encádranse no Compoñente 20 "Plan estratéxico de impulso da formación profesional" do Plan de recuperación, transformación e Resiliencia. Esta actuación encaixa na liña de investimento I1 "Reskilling e Upskilling da poboación activa ligada a cualificacións profesionais". O fito para o presente exercicio económico é de 748.463 unidades de competencia. O obxectivo final é acadar no 4T de 2025 2.000.000 de unidades de competencia acreditadas.

4. Que o procedemento de avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral e/ou formación non formal queda establecido na Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, que regula, no ámbito da competencia exclusiva atribuída ao Estado polo artigo 149.1.1. Constitución Española e a 30.a, da Lei Orgánica 1/1981, do Estatuto de Autonomía de Galicia, coa cooperación das comunidades autónomas, o Sistema nacional de formación profesional, que dota de unidade, coherencia e eficacia a planificación, a ordenación e a administración desta realidade, co fin de facilitar a integración das distintas formas de certificación e acreditación das competencias e das cualificacións profesionais.

Para os efectos desta lei enténdese que lle corresponde ao Sistema nacional de formación profesional promover e desenvolver a avaliación e a acreditación das correspondentes competencias profesionais. De acordo con iso, a citada lei orgánica regula no título VI entre os instrumentos e as accións que forman o Sistema nacional de formación profesional "un procedemento de recoñecemento, avaliación, acreditación e rexistro das cualificacións profesionais".

A avaliación e a acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, de acordo co artigo 90 da citada lei orgánica, terá como referente o Catálogo nacional de estándares de competencias profesionais, e se desenvolverá seguindo criterios que garantan a fiabilidade, a obxectividade e o rigor técnico da avaliación.

5. Que a Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, establece, no artigo 91.2 que "se promoverá a implicación directa das empresas ou os organismos equiparados como destinatarias do procedemento, de maneira que a participación das persoas traballadoras sexa facilitada e xestionada conxuntamente entre as administracións, os axentes sociais e as empresas e organismos".

Así mesmo, segundo establece o apartado 3 c), "as administracións públicas deberán adoptar, conxuntamente coas organizacións sindicais e empresariais máis representativas concernidas en cada territorio, as medidas adecuadas para asegurar o efectivo acceso ao procedemento considerando as necesidades tanto de empresas ou organismos equiparados e sectores profesionais e produtivos, como de colectivos con especiais dificultades de inserción ou integración laboral".

E finalmente, o apartado 4 indica que "as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, así como outros axentes implicados deberán promover entre persoas

traballadoras e empresas ou organismos equiparados o valor engadido de acreditar as competencias de todos os traballadores, así como colaborar na súa difusión, o seguimento e a avaliación”.

6. Que o Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do sistema de formación profesional, publicado no Boletín Oficial o Estado número 174, do 22 de xullo, recolle no artigo 178 que “as administracións competentes deseñarán, conxuntamente coas organizacións empresariais e sindicais máis representativas, así como con asociacións sectoriais representativas, plans estratéxicos anuais para promover e fomentar a acreditación de competencias profesionais entre a súa poboación activa ata que, polo menos o 80 % desta, conte coas súas competencias profesionais acreditadas.

As administracións competentes, en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais máis representativas, así como con outras organizacións vinculadas ao tecido económico e social, porán en marcha iniciativas que garantan a máxima difusión do procedemento”.

Así mesmo, o artigo 181 establece que “a información e a orientación sobre o procedemento poderá realizarse por administracións autonómicas e locais, axentes sociais e económicos, e organizacións e entidades públicas e privadas”.

En Galicia, o procedemento de acreditación de competencias profesionais desenvólvese a través da Orde do 4 de xuño de 2021 pola que se regula, no ámbito do sistema educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral para unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais (código de procedemento ED517B).

7. Que o Plan de modernización da formación profesional do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes recolle como o seu primeiro ámbito estratéxico o recoñecemento e a acreditación das competencias básicas e profesionais adquiridas a través da experiencia laboral. A súa liña 1.3 establece a posta en marcha de plans de acreditación de competencias por sectores e empresas, coa colaboración das organizacións sindicais e empresariais de cada sector.

Para iso, indica que se iniciarán actuacións concretas en sectores nas que se identifique a ausencia de recoñecemento das competencias profesionais por parte dos traballadores. E o devandito proceso levarase a cabo en colaboración coas organizacións sindicais e as empresas, de modo que se aborde a acreditación de competencias de todo o persoal que non dispoña de titulación.

8. Que o Programa de cooperación territorial do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia –financiado pola Unión Europea– NextGenerationEU, prevé un financiamento extraordinario para levar a cabo a liña de actuación en materia de recoñecemento e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral.

Conforme os criterios de distribución de fondos aprobados en conferencia sectorial de Educación, a Comunidade Autónoma de Galicia participará na execución desta actuación para a posta en marcha dun procedemento de recoñecemento e acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral. O acceso a empresas e á poboación activa é imprescindible para o éxito desta actuación.

9. Que a Comunidade Autónoma de Galicia recolle no seu Estatuto de Autonomía, a competencia en educación, e en particular a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é o departamento da Xunta de Galicia ao que corresponden entre outras funcións en materia educativa, a planificación, a regulación e a administración das ensinanzas regradas en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, entre as que se atopan a acreditación de unidades de competencia profesionais no ámbito da formación profesional.

10. Que a Fundación Laboral de la Construcción («FLC») é una entidade paritaria, sen ánimo de lucro, formada polos principais interlocutores do sector: Confederación Nacional de la Construcción (CNC), Comisiones Obreras del Hábitat (CCOO - Hábitat), e a Federación de Industria, Construcción e Agro da UGT (FICA-UGT).

Creada pola disposición adicional do I Convenio General del Sector de la Construcción («CGSC»), publicado en 1992, e de acordo cos seus Estatutos, o seu fin é prestar servizos encamiñados a profesionalizar e dignificar os distintos oficios e empregos no sector da construción. Para iso encoméndaselle o estudo, programación e desenvolvemento dos servizos de fomento de formación profesional, da mellora da saúde e da seguridade no traballo, e do emprego.

Para ese efecto, é de interese para a Comunidade Autónoma de Galicia establecer un marco de colaboración cos interlocutores sociais para pór en marcha un sistema de sensibilización de empresas, traballadores e traballadoras, difusión, captación e inscrición de candidatos.

En exercicio das competencias sinaladas, a Comunidade Autónoma de Galicia considera de indubidable interese a realización dun convenio coa Fundación Laboral de la Construcción, para identificar a súa participación no procedemento de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais.

A subscrición do presente convenio asegura e garante que o proceso se realice baixo criterios de eficacia e eficiencia, que permita unha avaliación dos obxectivos alcanzados.

Ambas as partes están de acordo na necesidade e na oportunidade de colaborar na sensibilización, a difusión, a captación e a inscrición de candidatos no procedemento de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais, e na súa virtude acordan as seguintes

Cláusulas

Primeira. Obxecto da colaboración, natureza e finalidade

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e a Fundación Laboral de la Construcción, para pór en marcha un sistema de sensibilización, difusión, captación e inscrición de candidatos, ocupados e desempregados, no procedemento de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral e a formación non formal (en adiante ARA).

O seu obxectivo é cumprir un dos criterios establecidos no Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do sistema de formación profesional, regulador do procedemento de acreditación de competencias profesionais adquiridas pola experiencia profesional e por vías non formais de formación, de acordo co cal, "as administracións competentes garantirán, en cada ámbito territorial, a participación no procedemento das organizacións empresariais e sindicais máis representativas en cada territorio, así como organizacións representativas da economía social".

A finalidade última que se persegue coa subscripción deste convenio é facilitar que o procedemento de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral sexa coñecido e valorado por empresas e traballadores e traballadoras como un elemento esencial para a mellora da cualificación da poboación activa, e paso previo para a súa incorporación á formación permanente dos traballadores.

Segunda. Obrigas da Fundación Laboral de la Construcción

1. Con carácter xeral, son obrigas das entidades beneficiarias e, de ser o caso, da entidade colaboradora:
 - a) Adoptar medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr o conflito de intereses e o dobre financiamento, con especial atención ao artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.
 - b) Custodiar e conservar toda a documentación orixinal, xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, en tanto que poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control
 - c) Conservar os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernente ao financiamento, así como os rexistros e documentos, en formato electrónico, por un período de cinco anos desde o pagamento do saldo ou, en ausencia deste pagamento, da operación, ou por un período de tres anos cando o importe da subvención sexa inferior a 60.000 euros, nos termos previstos no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo.

- d) As entidades beneficiarias deberán cumprir a normativa nacional e europea relativa á compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento, de acordo co previsto no artigo 7 da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro.
- e) Cumprir as obrigas de publicidade, medidas de difusión e comunicación, consonte o previsto no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.
- f) As entidades beneficiarias comprométese a incluír os datos e a información que sexan pertinentes sobre as actuacións financiadas con fondos MRR e nos prazos que correspondan, na aplicación que para ese efecto establecerá a administración competente.
- g) Segundo o artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/24, as entidades beneficiarias comprométese a facer mención da orixe do financiamento, e velar

por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuada que indique “financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”, en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

2. Para garantir o cumprimento do obxecto deste convenio, a Fundación Laboral de la Construcción, en colaboración coas súas asociacións ou federacións territoriais e/ou sectoriais, comprométese a levar a cabo as seguintes actuacións:

- a) Difundir e informar tanto as empresas como as traballadoras e os traballadores, ocupados e desempregados, acerca da existencia do procedemento permanente de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral e a formación non formal (ARA). Así mesmo, informar deste procedemento como un paso complementario á formación que, ben a empresa ou ben a persoa traballadora, identifique como necesaria.
- b) Achegar os medios materiais, a infraestrutura e os espazos adecuados para a consecución dos fins establecidos.
- c) Efectuar a necesaria orientación acerca dos requisitos exixibles para presentar unha solicitude de participación no procedemento, as fases do procedemento, o xeito en que se desenvolven, os seus dereitos e as súas obrigas, as acreditacións oficiais que poden obter e os efectos destas.
- d) Facilitar modelos e exemplos da documentación necesaria para presentar as solicitudes.
- e) Revisar a documentación das persoas interesadas que desexen presentar unha solicitude no procedemento ARA.
- f) Axudar na inscrición no procedemento a través dos medios previstos na normativa do procedemento.
- g) Xustificar ante a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a realización da actividade e o número de persoas candidatas inscritas no procedemento.

3. A execución do MRR exige o cumprimento do principio horizontal de “non causar prexuízo significativo” que define o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, respecto dos seis obxectivos ambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021 e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 (Regulamento de taxonomía da UE). En aplicación do principio de «non causar dano significativo» (principio do *no significant harm – DNSH*), a medida, en todo o seu ciclo de vida, polo seu deseño, ten un impacto nulo sobre obxectivos medioambientais.

Terceira. Obrigas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Pola súa vez, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través da Dirección Xeral de Formación Profesional, realizará as seguintes actuacións:

1. Facilitar á Fundación Laboral de la Construcción toda a información referente ao procedemento ARA.
2. Facilitar os modelos e os exemplos da documentación necesaria para presentar a solicitude.
3. Facilitar os datos sobre a planificación que, desde a Administración, se realizase sobre o procedemento, así como a forma de inscrición e os puntos de desenvolvemento das actuacións.
4. Resolver calquera dúbida que o persoal da Fundación Laboral de la Construcción teña sobre a documentación necesaria para presentar a solicitude de participación, así como os trámites administrativos para o levar a cabo.
5. Realizar a xestión e a tramitación das solicitudes de participación no procedemento.
6. Verificar a participación da Fundación Laboral de la Construcción nos labores previstos no presente convenio.

Cuarta. Financiamento

Baseándose no carácter colaborativo do convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Laboral de la Construcción, a Consellería achegará para o desenvolvemento do presente convenio o seguinte importe:

A cantidade de 35,00 euros por cada persoa candidata cuxa solicitude fose inscrita pola Fundación Laboral de la Construcción e que supere a fase de admisión do procedemento. Este importe xorde da consideración das tarefas para realizar pola entidade con cada unha das persoas candidatas: difusión do proceso e captación de candidatos/as, orientación para a súa participación, recompilación da documentación necesaria para a participación e carga da información no sistema informático habilitado para a inscrición. Estas tarefas implican non menos de tres horas de traballo. Tendo en conta o custo de persoal e os outros custos indirectos necesarios para desenvolver as

devanditas tarefas, o importe do custo total da inscrición cifraríase en 50 euros para cada candidato ou candidata. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional achegaría á Fundación Laboral de la Construcción a cantidade de 35 euros por candidato/a que fose inscrito/a, polo que a Fundación Laboral de la Construcción colaboraría cos 15 euros restantes.

En ningún caso existe ánimo de lucro para ningunha das dúas partes, no desenvolvemento do presente convenio.

O gasto máximo será de 20.125 euros na anualidade 2024 e aplicarase á partida 37.04.422M.640.11 - código de proxecto 2022 00055, do orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo a fondos procedentes do MRR, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia –financiado pola Unión Europea– NextGenerationEU, segundo o acordo de conferencia sectorial asinado entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, previo á reunión do Consello de Ministros celebrada o día 8 de xuño de 2021.

A Fundación Laboral de la Construcción achegará os medios materiais e humanos, a infraestrutura, os espazos adecuados e calquera outro custo que sexa necesario para a consecución dos fins recollidos no presente convenio e que non estean cubertos pola achega da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Quinta. Xustificación e pagamento

O pagamento realizarase da seguinte forma:

1. A cantidade de 35,00 euros por cada persoa candidata cuxa solicitude fose inscrita pola entidade e que supere a fase de admisión do procedemento prevista na cláusula 4 aboarase logo de comprobada por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no sistema de información de soporte ao procedemento denominado “Acreditación a inscrición e admisión dos candidatos e unidades de competencia no procedemento ARA”. Esta comprobación realizarase a partir do momento en que o convenio teña efecto.

2. As cantidades indicadas aboaranse nun único pagamento. A data para a liquidación será o 15 de decembro de 2024.

A liquidación aboarase logo de entregada a xustificación, e deberase presentar a seguinte documentación con data límite do 1 de decembro de 2024:

- Memoria explicativa das actividades desenvolvidas desde a sinatura do convenio en execución deste e con avaliación de resultados obtidos.

En caso de se producir calquera das causas previstas para a resolución do convenio antes da finalización da súa vixencia, liquidarase o convenio de acordo coas actuacións efectivamente desenvolvidas.

A Fundación Laboral de la Construcción estará obrigada a facilitar tanta información lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou polos órganos competentes na fiscalización da actividade económico-financeira do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sexta. Incumprimento de compromisos e obrigas. Consecuencias e indemnizacións

Con obxecto de garantir o correcto funcionamento do convenio, establécense as seguintes indemnizacións por deficiente prestación deste, de acordo co establecido no artigo 49 apartado e) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

1. Un dez por cento do pagamento correspondente, por incumprir o compromiso de entrega da documentación prevista na cláusula 5.2.
2. O importe sinalado na cláusula 5.1. para unha persoa candidata, cando a devandita persoa candidata participe no procedemento para as mesmas unidades de competencia a través de varias entidades durante a vixencia do presente convenio.

O incumprimento total por algunha das partes asinantes das obrigas e dos compromisos asumidos no convenio dará lugar á resolución deste.

Sétima. Comisión de seguimento

Para o adecuado control e seguimento deste convenio, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través da Dirección Xeral de Formación Profesional, e a Fundación Laboral de la Construcción constituirán unha comisión de seguimento, integrada por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.
- Dúas persoas representantes da Fundación Laboral de la Construcción.
- Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actuará como secretaria.

A comisión de seguimento realizará as seguintes funcións:

- a) O seguimento do desenvolvemento, a execución e a avaliación do presente convenio.
- b) A adopción dos acordos necesarios para a boa marcha do convenio e dos fins acordados.
- c) As resolucións de cantas cuestións puidesen derivarse da aplicación, a interpretación e os efectos, coa condición de que non fose necesaria a modificación dos acordos adoptados.

O réxime xurídico aplicable á comisión de seguimento, en tanto que órgano colexiado, é o establecido nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Oitava. *Vixencia e modificación*

Este convenio entrará en vigor na data en que se atope consignada a última sinatura das partes e terá vixencia ata o 15 de decembro de 2024, agás denuncia expresa de calquera das partes presentada con, polo menos, quince días de antelación.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, os asinantes do convenio poderán acordar expresamente a súa prórroga ata un período máximo de catro anos.

Novena. *Causas de resolución do convenio*

Serán causa de resolución do convenio as seguintes:

- a) O mutuo acordo.
- b) A ausencia de presentacións de solicitudes de participación por parte da entidade.
- c) A disolución da entidade.
- d) O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por parte dalgunha das partes asinantes.
- e) Calquera outra causa legal ou regulamentariamente establecida. Para iso será preciso que a parte que considere incumplido o convenio dea conta diso á comisión de seguimento e requira á parte que incumpriu para que, no prazo de quince días, emende a situación. Se transcorrido o citado prazo persistise o incumprimento, poderá proceder á resolución do convenio.

Así mesmo, serán causa de resolución do convenio as previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, así como a imposibilidade sobrevida do cumprimento deste.

Décima. *Protección de datos*

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o alumnado, os centros educativos e as empresas que por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal non disporán destes con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao recollido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das

persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décimo primeira. *Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno*

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da persoa interesada á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro (BOE do 10 de decembro), de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En todas as actividades e na publicidade que, a través de calquera medio, puidesen efectuar as partes, en virtude da sinatura deste convenio, deberase facer constar a colaboración da Xunta de Galicia, así como o logotipo institucional do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, o emblema da Unión Europea e a declaración de financiamento adecuado que indique “financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”, en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Esta publicidade realizarase de conformidade co establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241.

Décimo segunda. *Réxime xurídico*

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que este versa, as cales, ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme o recollido no artigo 4 da citada lei.

Calquera cuestión que se suscite en canto á aplicación, a interpretación ou os efectos deste Convenio que non queden liquidadas pola comisión de seguimento prevista, será resoltas polo órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

E ao ser canto antecede fiel reflexo da vontade das partes, asinan de xeito sucesivo o presente convenio, que se considera asinado en Santiago de Compostela, na data en que se atope consignada a derradeira sinatura das partes.

Décimo terceira. *Racionalización*

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico:

“Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.”

Décimo cuarta. *Identificación do perceptor final de fondos: beneficiarios das axudas*

Para dar cumprimento ao mandato establecido na letra d) do artigo 22.2 do Regulamento (UE) 2021/241, e consonte o artigo 8 da Orde HFP 1030/2021, a Fundación Laboral de la Construcción incluírá nas convocatorias de axudas ou nos procedementos de licitación que vaian desenvolver actuacións previstas no PRTR as seguintes obrigas en relación á súa identificación:

- a) NIF.
- b) Nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica.
- c) Domicilio fiscal.
- d) Aceptación da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas.
- e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR.
- f) Acreditación da inscrición no Censo de Empresarios, Profesionais e Retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria, no caso de contratistas ou beneficiarios que desenvolvan actividades económicas.
- g) Declaración de cesión e tratamento de datos (modelo anexo IV.B da Orde HFP/1030/2021).
- h) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais do PRTR (modelo anexo IV.C da Orde HFP/1030/2021).

Décimo quinta. *Etiquetaxe verde e dixital*

En aplicación dos artigos 2.2.b) e 4 da Orde HFP/1030/2021, deberanse prever medidas para cumprir o compromiso de etiquetaxe verde e dixital previsto no PRTR, con base no Regulamento (UE) 2021/241. A actuación deste convenio, encadrada no investimento 1 do compoñente 20, non ten asignada ningunha etiqueta climática ou dixital.

Décimo sexta. *Medidas antifraude*

Segundo o artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, configúranse como actuacións obrigatorias para os órganos xestores a avaliación de risco de fraude, a formalización da “Declaración de ausencia de conflito de intereses” (DACI) e a dispoñibilidade dun procedemento para abordar conflitos de intereses.

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, en relación con actuacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco deste convenio poderá pór os devanditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web: <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>

Así mesmo, a Xunta de Galicia pon ao dispor da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI). A ligazón á canle de denuncias é a seguinte:

<https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

A corrupción e o conflito de intereses son de aplicación a este convenio e veñen recollidas no Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que foi asinado o 18 de febreiro de 2022. A ligazón ao plan é a seguinte:

<https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/plan-antifraudecultura-educacion-universidade.pdf>

Segundo establece o artigo 22.2.e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o MRR, as partes que interveñen neste convenio están sometidas ás actuacións de control que poida exercer a Comisión Europea, a Oficina Europea de Lucha Contra a Fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo e, cando proceda, a Fiscalía Europea.

O Conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional
Construcción

O xerente da Fundación
Laboral de la

Román Rodríguez González

Fernando García Novo